

A literatura infantil e xuvenil galega, un faro no horizonte.

Somos terra de naufraxios, por iso necesitamos de faros que alumaren na noite. Relampos que nesta estrema do mundo iluminen o mar para que os barcos non vaian ás pedras. Luces que identifican a terra na que están plantados.

Así, a modo de destelos que clarean anacos de realidade, quixera ir apuntando achegas que, ao meu pensar, se deben ter en conta a respecto da literatura infantil e xuvenil galega (LIXG); un verdadeiro faro na costa da nosa cultura.

Comezaremos considerándoa unha literatura de éxito por varias razóns. Primeiro, porque a pesar de contar con menos dun século de historia (de Nós ata nós) xa está situada no mesmo nivel que aquelas coas que ha de medirse. Facendo algo de historia, lembraremos que ían aparecendo as grandes obras internacionais para estas idades (*Contos* de Perrault, *Robinson Crusoe* de Defoe, *As viaxes de Gulliver* de Swift, as *Fábulas* de La Fontaine) mentres Galicia atravesaba os Séculos Escuros; esta literatura ha de sufrir os avatares da outra, pero aínda de forma máis estrema, pois temos que agardar máis alá do Rexurdimento, na espera que corresponde aos produtos destinados a unha etapa do desenvolvemento humano á que non se lle prestaba aínda atención por estes lares. Apenas as *Fábulas galaico castellanas* de Montenegro poderían supor o primeiro fito, pero teríamos que seguir á espera das Irmandades da Fala e das Escolas do Ensino Galego para que os homes da Xeración Nós pensaran na necesidade de contaxiarlle o sentimento da Fala e da Terra aos máis novos, no convencemento de que só a través deles sería posible a supervivencia de ambas. Aparecen as obras inaugurais, primeiro a narrativa, logo o teatro, e xa tarde, en pleno exilio arxentino, a poesía. Algún libro baixo pseudónimo que nos pode dar pistas acerca da consideración social desta literatura, outros que retrasarán a súa publicación décadas e décadas como sucedeu con *O rei avarento* de Risco e, aínda despois da longa noite de pedra, cos textos de Avilés de Taramancos e Novoneyra escritos nos sesenta e publicados nos noventa e máis tarde. Habería que lembrar as cartas de Neira Vilas a Fernández del Riego falándolle do conveniente que sería que Galaxia publicara libros para nenos, lembrar os concursos do Facho, as primeiras obras froito do compromiso ideolóxico e as que nacen da man dos mestres e mestras para que a escola teña de que valerse, para que os rapaces e rapazas poidan ler na súa lingua, e que produciu unha alta nómina de autores/as docentes.

Por que afirmamos que a situación desta literatura, na actualidade, está nun nivel de logro? Pois porque así nolo demostran os premios acadados máis alá de Pedrafita, en situacións nas que nos colocamos na mesma criba, como sucede nos Premios Nacionais de Literatura Infantil e Xuvenil (conseguidos por Paco Martín, Xabier Docampo, Fina Caslderrey e Agustín Fernández Paz), nos premios Lazarillo (que acadaron Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Gloria Sánchez, Ana M^a Fernández ou Marcos Calveiro), nos Edebé, Premios Jove, Pier Paolo Vergerio, premio Abril, nas listas de Honra do IBBY e nas dos White Raven ou, tal como se demostra no feito de que o cuarto e último Premio Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil lle sexa entregado a Agustín Fernández Paz pasando a ser a primeira vez que o recibe un autor que escribe nunha lingua sen estado. Demóstranolo tamén o número de traducións da nosa literatura a outras, que falan da súa calidade e o interese que espertan máis alá desta Terra.

É unha literatura de éxito, polo número de vendas e pola porcentaxe de ingresos que estas vendas supoñen para as editoras. Pero ademais, porque non só contamos con autores/ilustradores de referencia, senón que editoriais como Kalandraka, Factoría K e OQO que teñen convertido a cidade de Pontevedra na capital internacional do álbum

ilustrado e obrígannos a falar do chamado libro de editor (máis alá do libro de autor/a ou Ilustrador/a), onde o selo da empresa vai á par de identidade dos creadores.

Para rematar con este relampo, só apuntar que cada vez son máis o autores de adultos que se achegan a escribir para pequenos e pequenas como Xavier Seoane, Rafa e Miro Villar, Yolanda Castaño, Manuel Rivas, Marica Campo, Álvarez Cáccamo, Caneiro... (o que debe ter algún significado) e que se quixeramos comparar o recoñecemento dos nosos creadores de literatura de adultos e de literatura para a infantil e xuventude fóra do país, atopariámonos con que a balanza se deixaría caer deste lado da produción, cun número elevado de autores e autoras prestixiadas por amplas capas de poboación.

Esta literatura é, pois, un faro que mostra o noso imaxinario e a nosa lingua ata onde a luz alcanza.

Seguindo coa metáfora, deixamos que outra luzada nos ilumine, e así podemos afirmar que a literatura infantil e xuvenil galega podería definirse coma unha ferramenta preferente nas aulas e bibliotecas escolares, porque ao ser escrita para un destinatario determinado está adaptada á súa capacidade de comprensión, e traballa coas súas necesidades e intereses. Ben é certo que, baixo o paraugas de literatura infantil e xuvenil están ademais dos libros escritos pensando nese destinatario, aqueles outros que ao longo da Historia da literatura foron asumidos ese lectorado aínda que o autor ou autora non os escribira con ese obxectivo; aí podemos situar desde moitos dos chamados clásicos xuvenís a moito da tradición oral que acaba nas mans da rapazada.

Esperar o gusto pola lectura, crear e desenvolver o hábito lector, conseguir a competencia lectora sería imposible se non contáramos con esta materia dos soños, que os vincula á cultura e posibilita realizar todas esas horas de adestramento imprescindible para convertelos en lectores, é dicir, a verdadeira natureza dos humanos nas actuais sociedades alfabetizadas nas que habemos de ler case de maneira tan natural como respiramos, no dicir de Freixanes. É, xa que logo, un instrumento de primeira magnitude tamén nas casas onde as bibliotecas persoais e familiares se han de ir construíndo pouco a pouco e nas bibliotecas públicas ás que acudir na busca de alimento lector para seguir medrando. Unha literatura que acompaña á rapazada no seu crecemento, tal como roupa que se adapta ao seu corpo e como incentivo que lles obriga a avanzar cada vez un pouco máis na construción dun itinerario lector.

Ademais, esta literatura nace dunha necesidade sentida, tal como comentabamos nese pequeno percorrido histórico co que comezabamos, porque é preciso esperar a identidade e facelo a través da lingua, tal como apuntan nas súas dedicatorias desde Neira Vilas nas *Memorias dun neno labrego* (nas que a pesar de non estar escritas para eles escribe “A todos os nenos e nenas que falan galego”) a Carlos Casares en *A galiña azul* (“eu díxenlle a túa nai: Que non se esqueza de que é galega. Eu non sei se te decatas de que es galega, Ana, nin sei sequera se sabes que é Galicia ou cómo é” ...) ou Manuel María no limiar de *Os soños na gaiola* (“Desas lembranzas foron nacendo os versos que seguen. Os versos que este humilde autor botou de menos cando el era neno. Versos que, por outra banda, non había na literatura galega e que tan precisos son. Eu quixera encher, en parte, ese oco.”). Unha carencia ligada, tamén, á escola e sentida polos docentes que botan de menos textos en galego e se poñen na tarefa de crealos... Todo isto nos levará a unha literatura con certas vinculacións coa escola, porque como ben se ten dito os ensinantes chámanse así porque ensinan e, polo tanto, é normal que a súa sexa unha literatura impregnada de valores educativos e de cidadanía, dos chamados contidos transversais que son esenciais a escritores e escritoras comprometidos cos movementos de renovación pedagóxica e coa sociedade no seu conxunto. Os libros de Agustín Fernández Paz poden considerarse paradigmáticos a este respecto, ao recoller

os valores da igualdade entre os sexos poderíamos dicir que case na mesma filosofía da colección “A favor de las niñas”, o respecto polo medio ambiente ou a defensa da paz. Neste sentido, débese aclarar que non entendemos escolar como negativo, iso seméllanos unha análise superada e cunha lectura de enfrontamento artificial e demagóxico pois a relación entre escola e literatura infantil é estreita, incluso poderíamos pensar que unha fai posible a outra e a outra fai posible unha escola innovadora e que ambas son produto dun avance social. Poderíamos pensar que cando se ataca de escolar esta literatura... a situación ten algo de semellanza a cando un adolescente acusa aos proxenitores de telo criado e concederlle liberdade, pois a escola necesita desta literatura para construír lectores e ela necesita da escola para que existan os lectores e, polo tanto, a necesidade destes produtos culturais. Así, comprobamos que a literatura xuvenil non foi unha realidade ata os anos noventa nos que, en base á LOXSE, se escolarizou a toda a poboación ata os dezaseis anos. As editoriais puideron existir e resistir porque os centros se foron comprometendo a mercar as súas edicións de calidade... pero, tamén é certo que a escola os permitiu voar e non lle puxo atrancos, de forma que esta creación cultural vai ata onde os creadores a levan e estean dispostos a levala: nos formatos e soportes, nas temáticas e tratamento, na presentación e grafías... apostando pola vangarda e a calidade, sen prexuízos e tratando de que non existan prescricións a modo de tratamento para enfermidades diagnosticadas. Como exemplo, ben vale revisar os álbums das factorías pontevedresas para asumir que a escola non puxo atrancos á vangarda e aceptou produtos dunha contemporaneidade que non acadaron nin acadarían a mesma valoración noutros campos. Por iso, é hora de superar certas descalificacións, cando o que debemos é reclamar o compromiso real dos editores e dos educadores coa calidade artística (literaria e plástica) por riba de calquera outro asunto.

Por todo o anterior, gustárame poder dicir que a literatura infantil e xuvenil galega está normalizada e constitúese nunha ferramenta de normalización lingüística, a pesar de que poucas manifestacións culturais o poden estar cando a lingua que os vehicula non o está, nin a sociedade no seu conxunto, pero quero manter un punto de optimismo, algo case imprescindible, cando falamos de infancia e mocidade.

Ben é certo que esta literatura conta cunhas especificidades que se deben ter en conta, como a presenza da ilustración e da mediación. A primeira delas engade as artes plásticas ás literarias, convertendo o produto en artístico, e máis nestes momentos nos que os novos soportes lle poden engadir a animación ou a música ao libro propiamente dito. A presenza da ilustración obriga a ter en conta esa manifestación ao lado da literaria, tanto no momento da selección como no da propia lectura na que ha de intervir, ao lado da lectura do texto, a da imaxe. Neste senso, contamos con ilustradores de recoñecido prestixio que xa teñen acadado premios a nivel estatal e internacional e que traballan para editoras de dentro e fóra do país, pero tamén é certo, que a calidade das editoras galegas introduciu cantidade de artistas plásticos doutros países nos libros publicados en Galicia. En determinados momentos, a Escola de Belas Artes de Pontevedra funcionou como unha fonte que surtiu de novos e orixinais creadores que traballaron directamente neste tipo de libro, podendo verter aquí o que en calquera outro espazo resultaría moi difícil de asumir. Os mediadores, eses adultos que escollen e moitas veces mercan estes libros, introducen un banzo entre o libro e a man á que van destinados; ese pai, nai, mestre, bibliotecario...escolle o que el considera que pode ou debe ler o neno de determinada idade; moitas veces con el se introduce un mecanismo de corrección do mercado, pois dependendo da súa formación e capacidade de selección chegarán uns libros ou outros aos nenos e nenas, haberá determinada demanda, e todo isto influirá na publicación dun produto de máis ou menos calidade ... Aquí deberíase

xogar con moito coidado porque as liñas que se cruzan son moi finas e os resultados moi potentes. Poderíamos optar pola liberdade de que sexan os pequenos e pequenas as que escollan e daquela corremos o risco de que se vendan maioritariamente os libros en determinado idioma, con determinada estética moi estendida pola publicidade,... ou porque sexan os adultos quen carguen con esa responsabilidade (aínda que o maior compromiso consiste en ir educando á rapazada para que poida escoller por riba de modas e intereses comerciais) seleccionando en base ao coñecemento, á formación, ás críticas lidas e ao tempo dedicado á busca... sen deixarse levar por intereses alleos aos da calidade, nin tampouco por prexuízos a respecto do que poden ou non ler os máis pequenos. Nunca insistiremos demasiado na necesidade dunha sólida formación dos mediadores para realizar con fundamento as súas seleccións, nin tampouco na necesidade de ir educándolle o gusto aos pequenos para que poidan superar estéticas pasteiras de cine comercial que ademais subverte os valores dos contos tradicionais. Neste sentido, a creación dos itinerarios lectores dentro dos Proxectos Lectores de Centro, supoñen un avance moi importante ao responder á necesidade de programar a formación literaria a través dunhas obras moi escollidas, que poidan asumirse coma os chanzos dunha escaleira pola que a rapazada vai avanzando cara unha lectura máis profunda e complexa.

Entre os alustros de luz, aparecen as zonas de sombra, aquelas que nos fan pensar en negativo, as que continúan a preocuparnos, e a ela nos referiremos a continuación.

Non se pode negar que a consideración da literatura infantil e xuvenil como menor é unha delas. Menor, porque é máis doada de ler? Pos si o é, non debemos negalo; xustamente varios autores falan desta literatura como a que tamén poden ler os máis novos, pero tamén é certo que ser de máis doada lectura non quere dicir de menor calidade: hai grandes obras que lemos con facilidade e obras escuras que son de ínfima calidade; o niveis de lectura é un dos criterios pero non o único a ter en conta cando se fala da calidade das obras, igual que pode suceder co número de páxinas da obra ou as referencias a textos anteriores. Menor, por que é máis doada de escribir? A este respecto habería algo que dicir, por exemplo que ha de responder a unha aprendizaxe e que non todo o mundo pode facelo; a este respecto gústame lembrar a Neira Vilas cando explica onde e como aprendeu a escribir para nenos, como houbo de reflexionalo e escoitar a Anisia. Menor por utilitaria? Porque se utiliza na escola (tamén aí están os clásicos -en diferentes idades, é certo-), porque podemos buscarlle usos e iso seméllanos negativo para unha arte excelsa da que teríamos que retirar a poesía social ou outros xéneros. Menor, porque pode ter algún límite moral? Poderíamos preguntarnos se iso é así neste momento, que temáticas quedarían fora... a maioría dos especialistas asumen que unicamente a desesperanza debe evitarse nesa literatura deixando un indicio de claridade para saír do túnel, algo que non debería molestarnos se pensamos que os lectores son seres aos que a experiencia aínda non lles demostrou que a vida está feita de luces e sombras e que despois da chuvia acostuma volver o sol. Menor, porque é lida por pequenos e eles son cidadáns de segunda? Menor, porque anda pola escola? (acaso temos algo contra a escola?). Menor, porque ás veces pode responder a prescricións obrigatorias? ... pero tamén sucede na de adultos. Menor, porque se vende máis? Podemos extraer o prexuízo dos *best seller*. Menor, porque se publica moito? Sucede igual na outra literatura, publícase máis do que se debera porque os editores non asumen o seu papel de selección... Se é minusvalorada polo destinatario habería moito que falar dese tramo de idade entre os que están os cidadáns máis lectores da sociedade actual; se o é pola relación coa escola haberá que ter coidado porque podemos acabar deostando institucións que son as que nos dan sustento e fundamentan o noso tecido cultural; se é

polo éxito habería que reflexionar en torno a sentimentos tan “menores” como a envexa e a confusión de conceptos como produto de éxito e produto comercial.

Entre eses escuridades haberá que mostrar aspectos tan evidentes coma o elitismo que silencia ou inxuria aquilo que non se canoniza, e non sempre por razóns xustificables. O descoñecemento desta literatura e dos seus especialistas. A ausencia dos seus autores e autoras en determinadas institucións, bibliotecas ou páxinas web; o ocultamento dos seus estudosos ata o punto de que semella que sempre se está a comezar ou a descubrir un campo que xa dou os seus froitos e nos que todos e todas debemos apoiarnos; o feito de que moitas veces opinan sobre esta literatura os que non a len ou non a coñecen en profundidade... Semella un mundo paralelo, o que non sería tan negativo se se ten como referencia e se acude a el cando se quere coñecer.

Antes de rematar, gustárame chamar a atención sobre algúns aspectos a ter en conta antes de que a luz do día apague o faro.

A necesidade de recoñecer o traballo que se leva realizando en torno a esta literatura, desde o papel de autores/as ao de estudosos/as, das organizacións como GALIX e a páxina BLIX (Biblioteca da Literatura Infantil e Xuvenil galega), as Universidades que manteñen liñas de investigación e as editoriais dispostas a arriscar por colección de teatro ou novas liñas que se consideran necesarias; o esforzo de persoas que levan turrando por este mundo de papel desde o comezo creando e mantendo Salóns, Feiras e revistas especializadas ou ... deixádeme que cite a Fundación Neira Vilas que mantén un premio de teatro (Estornela) e un premio de poesía (Arume) coa sa intención de equilibrar na medida do posible este sistema literario desde unha humilde institución.

Un apunte que tampouco quixera deixar de facer estaría vinculado ao fenómeno dos clubs de lectura en centros de secundaria que acadou o pasado curso (2010/2011) o número de douscentos e que supón un gran avance na creación de lectores, na asunción da lectura como unha forma de socialización na adolescencia, que está a dar froitos, moito e bos, pero que dependerá sempre do profesorado que se implica nesa labor, dos mediadores que axudarán a seleccionar os libros e os idiomas nos que se le. Houbo un tempo no que o compromiso era algo fundamental (tal como vimos), un tempo no que se escribía en galego e do noso por ideoloxía e defensa da identidade,... logo viñeron as vacas gordas e semellou que todo estaba feito, pasouse da lectura e da cultura como coñecemento a considerala entretemento, fixéronse comúns afirmacións como “é suficiente con que lean, non importa o que”, os creadores e creadoras atopaban o camiño feito e a imprenta esperándoos, todo viña dado, certo profesorado de galego quixo asumir o mesmo papel que o de calquera outra lingua... agora toca ver que iso é realmente suficiente e que a forza primeira abonda para continuar tirando do carro. A nós tocáramos velo e seguiremos a facelo coa luz do faro na noite.

Pilar Sampedro

Participación nas

I Xornadas de Literatura e Ensino. "A Literatura galega nas aulas: os camiños do entusiasmo" [Do 18 de novembro de 2011 ao 19 de novembro de 2011]